

NOIA HARP FEST

Noia Harp Fest propón unha singular viaxe sonora por Paraguai e a Bretaña francesa a través da arpa na súa terceira xornada

Clotilde Trouillaud, que regresa á vila de Noia logo do seu exitoso concerto en solitario no 2018, e o dúo conformado por Hermanos Corbalán, habituais en citas como o Festival de Edimburgo, son dous dos pratos fortes desta edición do festival

A Igrexa de Santa María A Nova tamén acollerá un concerto de dúas grandes figuras da música antiga no país: a cantante Paula Ceremyzynsk e o arpista Manuel Vilas



4 de agosto de 2022.- Noia Harp Fest, o único festival especializado en arpa do noroeste peninsular, propón para este venres 5 unha singular viaxe sonora, que partirá da Praza do Tapal, para percorrer dous territorios cunha ampla tradición arpística: Paraguai e a Bretaña francesa.

Noia acollerá mañá pola noite dúas das citas máis agardadas desta edición do festival. Por unha banda, o regreso de **Clotilde Trouillaud**, unha das arpistas mais prestixiosas da súa xeración e que está a revolucionar o xeito de entender a música para arpa na Bretaña. Logo do seu exitoso concerto en solitario no Noia Harp Fest no 2018, Trouillaud continúa o seu camiño musical, cheo de paisaxes diversas e coloristas, e regresa este ano coa súa formación **Lune Bleue Trio**, acompañada por Erwan Bérenguer (guitarra) e Jean-Marie Stephant (batería).

NOIA HARP FEST

Pola outra, unha cita coa música americana a través dunha sorprendente formación, inédita na escola de arpa paraguaia: o dúo de arpas formado polos irmáns **Sixto e Juanjo Corbalán**. Os dous teñen cadansúa carreira en solitario ou en diferentes formacións, mais como dúo están presentes habitualmente na programación do mellor certame de Europa, o Festival de Edimburgo, así coma en festivais de medio mundo. Mañá pola noite conquistarán ao público noiés coa súa excepcional linguaxe e a sutileza do tratamento das melodías da tradición arpística coas que debuxan imaxes cheas de forza e contrastes sonoros, soportados nun virtuosismo difícil de imaxinar para os que non o escoitan en directo. Antes, pola mañá, impartirán a segunda das clases maxistras programadas polo Noia Harp Fest na Igrexa de Santa María A Nova.

Precisamente no museo terá lugar a terceira das citas musicais desta xornada. Será un concerto con dúas grandes figuras da música antiga xuntas: a cantante polaca **Paulina Ceremuzynsk**, quen reside desde o ano 2004 en Galicia e investigou a reconstrución musical das cantigas de amigo, e o arpista compostelán **Manuel Vilas**, recoñecido polo seu traballo coa arpa ibérica, aínda que realiza un gran labor en investigación sobre a arpa jesuítica chiquitana -Bolivia- así como na arpa dobre do s.XIV que circulaba baixo a coroa de Aragón.

NOIA HARP FEST

O **IX Festival Internacional de Arpa Vila de Noia (Noia Harp Fest)** celébrase do 3 ao 7 de agosto. O evento, dirixido por Rodrigo Romaní, é unha proposta ecléctica, cunha ampla diversidade estilística, cuxo fío condutor é a interpretación musical a través da arpa. **Savourna Stevenson, Steve Kettley, Hermanos Corbalán, Kora Jazz Trío, Clotilde Trouillaud, Paula Ceremuzynska, Manuel Vilas, Beatriz Martínez, Rafa Fernández Trio, Anna Amigó, Trío Clepsidra ou Bleuenn le Fric** forman parte do seu cartel, que a veciñanza pode gozar de xeito gratuíto tanto a ceo aberto -Xardíns da Central do Tambre, Praza do Tapal- coma no interior de recintos culturais da vila -Igrexa de Santa María A Nova, Teatro Coliseo Noela, Liceo de Noia-.

Noia Harp Fest conta co patrocinio do Concello de Noia, coa colaboración da Xunta de Galicia a través do Xacobeo 21-22 e da iniciativa concertosdoxacobeo.gal, ademais do soporte de Acción Cultural Española a través do programa PICE. O festival conta tamén coa colaboración de Cabaniñas do Bosque, da distribuidora dixital de música Altafonte e co apoio tanto do Liceo de Noia coma da Asociación Terra de Outes.

AXENDA NOIA HARP FEST - VENRES 5 DE AGOSTO

11.30 horas, Igrexa Santa María A Nova | Clase maxistral con Juanjo e Sixto Corbalán 'A arpa paraguaia'
20.00 horas, Igrexa Santa María A Nova | Concerto de Paulina Ceremuzynska & Manuel Vilas
22.00 horas, Praza do Tapal | Concertos de Lune Bleue Trio e Hermanos Corbalán

Contacto de prensa Noia Harp Fest

The Office Comunicación | prensa@theofficeco.es

Lucía Pita (675 404 321) e Luisa Castiñeira (620 113 155)

Kit de prensa Noia Harp Fest (fotos de artistas, cartel, recursos)

<https://www.dropbox.com/sh/papm58kshsxxp0x/AADdVY1zpKgey3335cQZmxZVa?dl=0>